



Concello de Xinzo de Limia

DECRETO SELECCIÓN ASPIRANTE TRAS RENUNCIA. RÉXIME DE RECURSOS FRONTE SELECCIÓN DE ASPIRANTES. ALUMNADO OBRADOIRO DE EMPREGO DO PEREGRINO XINZO DE LIMIA SANDIÁS

Visto Decreto de data 25/11/2024 do seguinte teor literal

“DECRETO ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA BAREMACIÓN DE MÉRITOS E PUNTUACIÓN TOTAL SELECCIÓN DE ASPIRANTES E RESERVAS. ALUMNOS-TRABALLADORES DO OBRADOIRO DE EMPREGO DO PEREGRINO XINZO DE LIMIA E SANDIÁS 2024-2025.

Vistos os Decretos de data 14/11/2024 e 19/11/2024, polo que se aprobou a listaxe definitivas de admitidos e excluídos, a puntuación definitiva da fase de entrevista e a puntuación provisional de méritos dos alumnos/as-traballadores/as do obradoiro de emprego.

Vista acta do grupo de traballo de data 21/11/2024 na que se resollen as alegacións e subsanacións presentadas e se recollen as puntuacións definitivas da baremación de méritos e a puntuación total.

RESOLVO

- 1) Elevar a definitiva a puntuación provisional do baremo de méritos obxectivos así como a conseguinte puntuación total segundo consta na listaxe asinada polo tribunal/ grupo de traballo.**
- 2) Aprobar a proposta de aspirantes seleccionados para cada módulo e a listaxe reserva segundo consta na acta do tribunal/ grupo de traballo.**
- 3) Indicar ós aspirantes seleccionados que deben achegar, no prazo dun día hábil, a contar dende o día da publicación deste decreto, a seguinte documentación, no caso de non tela aportado previamente:**

Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou documento que proceda.

Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da Comunidade Autónoma, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non ter sido inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público. Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Informe ou certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.

Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.

Indicación do número de conta bancaria.

- 4) Notificar este Decreto á Oficina de emprego de Xinzo de Limia para que proceda a comprobar o cumprimento dos requisitos para participar no proxecto por parte dos seleccionados con carácter previo a contratación dos mesmos.**

- 5) Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de**





Concello de Xinzo de Limia

Xinzo de Limia e do Concello de Sandiás, expresando o réxime de recursos que caiban contra o presente acordo.

6) Notificar o presente acordo o Concello de Sandiás, a Oficina de emprego de Xinzo de Limia e a Consellería de Emprego.

7) Dar conta da presente resolución ó Plenario municipal.”

Visto que por erro non se recolleu o réxime de recursos na citada resolución.

Vista renuncia presentada pola aspirante dona Lucía González Rodríguez seleccionada como alumna de xardinería.

Resolvo

1) Aceptar a renuncia presentada pola aspirante dona Lucía González Rodríguez, seleccionada como alumna de xardinería do Concello de Xinzo de Limia.

2) Seleccionar a primeira aspirante da listaxe de reserva do Concello de Xinzo de Limia dona IRIA LAMA IZQUIERDO, como alumna de xardinería do Concello de Xinzo de Limia.

3) Indicar á aspirante dona IRIA LAMA IZQUIERDO que deberá achegar, no prazo dun día hábil, a contar dende o día da publicación deste decreto, a seguinte documentación, no caso de non tela aportado previamente:

Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou documento que proceda.

Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da Comunidade Autónoma, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non ter sido inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Informe ou certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.

Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.

Indicación do número de conta bancaria.

4) Indicar que o réxime de recursos contra a presente resolución e a resolución de data 25/11/2024 referenciada nos antecedentes é o seguinte:

“RECURSOS: *Contra a presente resolución, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía de este Concello, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación da presente notificación colectiva, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación da presente notificación colectiva, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-*





Concello de Xinzo de Limia

Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio.”

6) Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia e do Concello de Sandiás.

7) Notificar o presente acordo o Concello de Sandiás, a Oficina de emprego de Xinzo de Limia e a Consellería de Emprego.

8) Dar conta da presente resolución ó Plenario municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

